

**José Manuel Mato Díaz, Alcalde-Presidente do Concello do Paradela**

### FAGO SABER

Que á vista da situación sanitaria actual e en consonancia coas medidas establecidas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma pola xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, durante quince días naturais podendo ser prorrogadas, adóptanse as seguintes medidas:

- Peche de todas as instalacións municipais (Casa Niño, Centro Socio cultural, Instalacións Deportivas, etc...)
- Suspensión de todas as actividades municipais (deportivas, culturais, sociais, feiras, etc).

En relación á **atención ao público** nas dependencias municipais recomendacións:

A atención presencial no Concello limitarase só a casos de **URXENCIA ou EXTREMA NECESIDADE**.

Métodos de xestión a distancia:

- Telemática: Poden entrar na sede electrónica municipal a través da páxina web <http://www.paradela.es/gl> ou ben <https://paradela.sedelectronica.es>
- Vía telefónica chamando ao 982 54 11 01 en horario de 10:00h a 13:00h.

En relación as **persoas en situacións que precisen bens de primeira necesidade (alimentos, farmaceuticos) poderán chamar ao Concello (982541101) co fin de que se lle podan achegar polo peraoal municipal.**

- Seguir as recomendacións do Ministerio de Sanidade e da Consellería de Sanidade, especialmente no concernerente a limpeza e aseo (lavar as mans e a cara frecuentemente con auga e xabón)
- Non facer viaxes e desprazamentos que non sexan imprescindibles
- Evitar no máximo posible o contacto físico, especialmente con persoas dos grupos de risco.

***Teléfonos de información para casos leves: 900400116***

***Teléfonos para emerxencias e casos graves: 061***

**Prégase aos veciños que colaboren para evitar a propagación deste virus evitando toda situación de risco e cumprindo coas indicacións do Ministerio de Sanidade.**

**Documento asinado ao marxe electronicamente**

